



Versión 15.03.2019

Proxecto de Orde da Consellería de Facenda do XXXX sobre o procedemento para o acceso ao réxime extraordinario do grao I do sistema de carreira profesional do persoal empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

Esta Orde ten por obxecto regular o procedemento para o acceso ao réxime extraordinario do grao I do sistema de carreira profesional establecido na sección segunda do Acordo de concertación do emprego público de Galicia, publicado mediante Orde do 15.01.2019, DOG núm. 19 do 28.01.2019, como retribución segundo o grupo ou subgrupo profesional de pertenza prevista na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e distinta do complemento de destino actualmente vixente ao que substituirá no momento no que se produza o desenvolvemento regulamentario que fixa a disposición transitoria octava da dita Lei.

Artigo 2. Criterios xerais de avaliación.

1. Para este réxime extraordinario de acceso ao Grao I do complemento de carreira profesional establécense os seguintes criterios de avaliación, dos que soamente será necesario acreditar un para este recoñecemento:

a) Formación

-Recibida: asistencia e, de ser o caso, superación de cursos organizados e impartidos directamente por: a Escola Galega de Administración Pública, a Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), a Academia Galega de Seguridade Pública, as escolas oficiais de formación do Estado e das restantes comunidades autónomas, cursos impartidos polo Servizo Público de Emprego Estatal e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e cursos impartidos por algunha Consellería da Xunta de Galicia. A suma de todos os cursos debe consistir nun mínimo de 4 créditos/40 horas. A estes efectos tamén serán considerados os cursos da lingua galega (iniciación, perfeccionamento, medio ou superior de linguaxe administrativa galega ou o ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas) homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, sempre que sexan dun nivel superior ao requirido para o desempeño do posto de traballo no correspondente Corpo, Escala ou categoría profesional. Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares nin as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.





Versión 15.03.2019

-Impartida: para os/as empregados/as públicos/as que impartisen os cursos anteditos: 10 horas.

b) Realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA)/título de doutor/máster universitario oficial, máster universitario-título propio, experto universitario, especialista universitario.

c) Publicación de traballos científicos e de investigación relacionados coa Administración pública.

d) Dous anos de funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente.

e) Dous anos en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo: programas de cooperación internacional, membro do goberno ou órganos de goberno das comunidades autónomas, membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, cargos electivos de representación política, postos ou cargos directivos en organismos ou entidades instrumentais do sector público, dispensas para a realización de funcións sindicais, participación nos órganos constitucionais ou órganos estatutarios das comunidades autónomas e, en xeral, calquera outra situación similar ás anteriores.

f) Nomeamento e participación na totalidade do proceso como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos.

g) Dous anos de servizos prestados en postos de traballo que, polas súas especiais características de illamento, soidade ou distancia con centros de formación, amosen dificultades para a realización de actividades formativas.

2. O grao extraordinario se adquire no grupo, especialidade o corpo que se estea a desempeñar dende o día 31 de decembro de 2018. Polo tanto, o tempo de servizos prestado con anterioridade a esa data, sexa cal fose o vínculo xurídico do empregado/a, computarase aos efectos de adquirir o grao no corpo que efectivamente se estea prestando servizos dende o día 31 de decembro de 2018.

CAPÍTULO II.- PROCEDEMENTO PARA O ACCESO AO RÉXIME EXTRAORDINARIO DO GRAO I DA CARREIRA PROFESIONAL PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA.

Artigo 3. Requisitos e ámbito de aplicación.





Versión 15.03.2019

1.- Poderá acceder a este réxime extraordinario o persoal funcionario de carreira que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar en situación de servizo activo no correspondente corpo ou escala; ou desempeñando postos ou cargos no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; así como, atoparse na situación de liberado sindical.
- b) Ter a condición de funcionario/a de carreira nesta Administración e cunha antigüidade de polos menos cinco anos o día 31 de decembro de 2018.
- c) Cumprir un dos criterios de avaliación establecidos no artigo 2 desta Orde.

2.- Tamén poderá acceder a este réxime extraordinario o persoal funcionario de carreira da Lei 17/1989, do 23 de outubro, da Escala de saúde pública e administración sanitaria, así como da Subescala de Atención especializada, Clase de ATS/DUE básicos que cumpra os requisitos establecidos no apartado primeiro deste artigo. O recoñecemento do grao I da carreira profesional corresponderá ao Servizo Galego de Saúde.

Como se indica no artigo 4 desta Orde por razóns de carácter técnico relativas á información dispoñible nos correspondentes expedientes persoais, o prazo para solicitar o acceso a este réxime extraordinario comezará o 6 de maio de 2019.

3.- Así mesmo poderá acceder a este réxime extraordinario, o persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Xunta de Galicia que se atope en situación de servizos noutras administracións públicas ou se atope desempeñando postos nos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma previstos na disposición adicional primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Nestes supostos, o recoñecemento do grao I do complemento de carreira profesional soamente terá efectos administrativos.

4.- Poderá acceder a este réxime extraordinario, as funcionarias de carreira que se atopen de permiso por parto; o persoal funcionario de carreira que se atope de permiso por adopción ou acollemento e o persoal funcionario de carreira que se atope de permiso de outro proxenitor por nacemento, adopción ou acollemento dun fillo, nestes supostos o recoñecemento do grao I do complemento de carreira profesional soamente terá efectos administrativos e unha vez que se reincorporen ao servizo activo producirá efectos económicos.

5.- Poderá acceder a este réxime extraordinario, o persoal funcionario de carreira que se atope en





Versión 15.03.2019

situación de incapacidade temporal, neste suposto o recoñecemento do grao I do complemento de carreira só terá efectos administrativos.

6.- Así mesmo, poderá acceder a este réxime extraordinario o persoal funcionario que se atope en excedencia por coidado de familiares prevista no artigo 176 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, neste suposto o recoñecemento do grao I do complemento de carreira só terá efectos administrativos.

7.-Queda excluído do acceso a este réxime extraordinario, o persoal pertencente ás escalas de profesores numerarios e mestres de taller de institutos politécnicos marítimos – pesqueiros por resultarlles de aplicación o réxime retributivo establecido para o persoal funcionario dos corpos de de profesores de ensinanza secundaria e de profesores técnicos dos centros públicos dependentes da Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional.

Artigo 4. Procedemento

A Dirección Xeral da Función Pública remitirá ao persoal funcionario de carreira a través do Portax (deberá dispor dun/ha usuario/a, correo electrónico corporativo da Xunta de Galicia **ou** certificado dixital) un enlace para consultar os datos que figuran no seu expediente no Rexistro Central de Persoal, indicándolle se cumpre ou non os criterios xerais de avaliación, aos efectos de acadar o complemento do Grao I da carreira profesional.

a) Persoal con acceso ao Portax

Se cumpre algún dos criterios de avaliación poderá solicitar o recoñecemento do Grao I, empregando o modelo de solicitude que se habilitará a través do Portax, debendo cubrir todos os datos que aparezan, validalos e confirmalos, dispoñendo dun prazo de tres (3) meses a contar dende o día seguinte ao da publicación desta Orde.

Non obstante, para o persoal recollido no apartado segundo do artigo terceiro, por razóns de carácter técnico, o prazo de tres (3) comezará a contar a partires do 6 de maio de 2019.

As persoas que, cumprindo xa algún dos criterios, desexen completar a información que figura no seu expediente persoal, deberán facelo con posterioridade a este procedemento extraordinario, polos trámites ordinarios da actualización da información do expediente persoal.

Se non cumpre ningún dos criterios de avaliación, a persoa interesada terá a posibilidade de formalizar o impreso de emenda que atopará no Portax e xunto coa solicitude, a persoa interesada deberá achegar a documentación acreditativa dos méritos que pretenda facer valer. A





Versión 15.03.2019

documentación anterior deberá dirixirse á secretaría xeral/secretaría xeral técnica ou órgano equivalente das entidades públicas instrumentais do artigo 45 a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A dita documentación deberá presentarse nun prazo de tres (3) meses a partir do día seguinte ao da publicación desta Orde, nos rexistros xerais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas súas xefaturas territoriais e oficinas comarcais da Xunta de Galicia, así como nos demais lugares previstos no artigo 16, relativo a rexistros, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou vía telemática a través do portal web corporativo da Xunta de Galicia.

A forma de acreditación dos criterios de avaliación será a seguinte:

Formación recibida: acreditarase mediante copia compulsada do certificado de asistencia ao curso, no cal deberá constar o organismo ou entidade que o convocou e impartiu a dita actividade formativa, as datas de realización, o contido do curso e número de créditos e/ou horas asignados. Poderase requirir á persoa solicitante a achega do programa formativo.

Serán válidos, ademais, aqueles diplomas asinados dixitalmente por Digital Learning cun certificado dixital emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT), así como aqueles que se poidan referenciar a unha web verificable ou cotexable.

Noutro suposto, deberá achegarse certificación orixinal asinada polo órgano que impartiu a actividade formativa as datas de realización, o contido do curso e número de créditos e/ou horas asignados.

Non se valorarán neste apartado os cursos/módulos que sexan parte dunha titulación de formación académica.

Formación impartida: acreditarase mediante certificación do organismo ou entidade convocante, na cal deberá constar o contido da actividade formativa, así como o número de horas de docencia impartidas.

Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.

Formación universitaria de posgrao: acreditarase mediante orixinal ou copia compulsada do título expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou certificación da respectiva universidade, debidamente asinado, que deixe constancia do mérito invocado pola persoa solicitante. No relativo aos cursos de doutoramento, para que o dito mérito poida ser obxecto de valoración, a certificación que se achegue deberá deixar constancia expresa de que a persoa solicitante realizou todos os cursos de doutoramento.





Versión 15.03.2019

No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro, achegarase, xunto coa copia compulsada do título, unha tradución xurada deste ou equivalente e credencial de recoñecemento ou homologación da titulación expedida polo Ministerio de Educación español.

Publicación de traballos científicos e de investigación relacionados coa Administración pública:

Acreditarase tal mérito mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial responsable ou organismo público con competencias en xestión e arquivo de publicacións. Na certificación ou copia impresa deberá constar o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.

Libros/capítulos de libro editados en papel. Deberá achegarse copia compulsada das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor, editorial, o seu depósito legal e/ou ISBN/NIPO, lugar e ano de publicación e índice da obra. Ademais, deberá quedar acreditado o número de páxinas do libro/capítulo e que tal publicación está avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.

Libros editados en formato electrónico. Acreditarase tal criterio de avaliación mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial ou organismo público con competencias de xestión e arquivo de publicacións, na cal se fará constar a autoría do capítulo e demais datos bibliográficos básicos que identifiquen a obra e/ou capítulo (autores, data de publicación, edición, ano, URL e data de consulta e acceso). Tal publicación deberá estar avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.

Noutro suposto non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.

Dous anos de funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente: acreditarase este criterio mediante certificación dos servizos prestados, na que conste a data de inicio e de fin da prestación dos servizos e as funcións realizadas.

Dous anos en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares: acreditarase mediante certificación na que conste a data de inicio e data final desta situación.

Dous anos nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo: programas de cooperación internacional, membro do goberno ou órganos de goberno das comunidades autónomas, membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, cargos electivos de representación política, postos





Versión 15.03.2019

ou cargos directivos en organismos ou entidades instrumentais do sector público, dispensas para a realización de funcións sindicais, participación nos órganos constitucionais ou órganos estatutarios das comunidades autónomas e, en xeral, calquera outra situación similar ás anteriores: Acreditarase mediante certificación expedida polo órgano, organismo u organización na que conste o período de duración e as funcións desenvolvidas.

Nomeamento e participación na totalidade do proceso como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos: acreditarase mediante certificación expedida polo órgano convocante do correspondente proceso de selección ou provisión.

Dous anos de servizos prestados en postos de traballo que, polas súas especiais características de illamento, soidade ou distancia con centros de formación, amosen dificultades para a realización de actividades formativas: acreditarase mediante certificación expedida polo órgano/unidade competente en materia de persoal do/da que dependa o devandito posto, no que deberá constar a circunstancia ou circunstancias que determinan este suposto.

Unha vez validado/s o/os mérito/s e incorporados ao correspondente expediente persoal, as unidades administrativas que de seguido se enumeran, remitirán dentro do prazo dos tres meses anteriormente indicado, á Dirección Xeral da Función Pública a solicitude de recoñecemento do grao I e a documentación acreditativa dos méritos alegados.

A validación e incorporación dos méritos alegados para a superación dos criterios de avaliación corresponderá aos seguintes órganos ou unidades en función do destino da persoa funcionaria:

– Servizos centrais: secretario/a xeral técnico/a, subdirector/a xeral ou xefes/as de servizo que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal, dependentes da secretaría xeral técnica da consellería respectiva ou ente público instrumental.

– Servizos periféricos: xefes/as territoriais, funcionarios/as responsables da área de persoal das xefaturas territoriais, delegacións ou ente público instrumental respectivo.

Artigo 5.- Resolución.

1.- Persoal que inicialmente cumpre algún dos criterios de avaliación:

Mediante Resolución da Dirección Xeral da Función Pública anunciarase a exposición das resolucións estimatorias de recoñecemento do complemento de carreira administrativa do Grao I.





Versión 15.03.2019

Dado que nestas resolucións figuran datos de carácter identificativo, de características persoais, económicos ou de saúde protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, cuxa publicación pode lesionar o dereito constitucional á intimidade dos/as solicitantes, cómpre realizar a publicación coas limitacións e reservas establecidas no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para o coñecemento íntegro do acto cada persoa solicitante deberá acceder ao seu expediente a través do Portax.

As resolucións estimatorias de recoñecemento do grao I terán efectos desde o día 1 de xaneiro de 2019.

Con carácter mensual a Dirección Xeral da Función Pública poderá ditar resolución para anunciar a exposición das resolucións estimatorias a medida que se vaian presentando.

2.- Persoal que inicialmente non cumpre ningún dos criterios de avaliación:

Recibida a documentación indicada no artigo 4, a Dirección Xeral da Función Pública ditara resolución estimatoria ou desestimatoria do recoñecemento do grao I do complemento da carreira administrativa.

Dado que nestas resolucións figuran datos de carácter identificativo, de características persoais, económicos ou de saúde protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, cuxa publicación pode lesionar o dereito constitucional á intimidade dos/as solicitantes, cómpre realizar a publicación coas limitacións e reservas establecidas no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para o coñecemento íntegro do acto cada persoa solicitante deberá acceder ao seu expediente a través do Portax.

Calquera solicitude de recoñecemento do grao I que sexa desestimada entenderase para todos os efectos como unha solicitude de encadramento no grao inicial do complemento de carreira administrativa, agás no suposto de solicitudes de recoñecemento de persoal non incluído no ámbito de aplicación, que serán desestimatorias.

Con carácter mensual a Dirección Xeral da Función Pública poderá ditar resolución para anunciar a exposición das resolucións estimatorias a medida que se vaian presentando.





Versión 15.03.2019

3.- Contra a resolución estimatoria ou desestimatoria do recoñecemento do grao I da carreira administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da data de publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de acordo co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

CAPÍTULO III.- PROCEDIMENTO PARA O ACCESO AO RÉXIME EXTRAORDINARIO DO GRAO I DA CARREIRA PROFESIONAL PARA O PERSOAL LABORAL FIXO DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO DA XUNTA DE GALICIA.

Artigo 6.- Requisitos e ámbito de aplicación.

1.- Poderá acceder a este réxime extraordinario o persoal laboral fixo integrado no V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar en situación de servizo activo no correspondente grupo ou categoría profesional ou desempeñando postos ou cargos no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como atoparse na situación de liberado sindical.
- b) Ter a condición de persoal laboral fixo nesta Administración e cunha antigüidade de polos menos cinco anos o día 31 de decembro de 2018.
- c) Optar de maneira expresa e individualizada por acollerse ao proceso de funcionarización.
- d) Cumprir un dos criterios de avaliación establecidos no artigo 2 desta Orde.

2.- O persoal que se atope en excedencia forzosa , en excedencia voluntaria por incompatibilidade ou en situación de suspensión do contrato de traballo ou desempeñando un posto nos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma previstos na disposición adicional primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia poderá acceder a este réxime extraordinario. Nestes supostos o recoñecemento do grao I do complemento de carreira soamente terá efectos administrativos, agás no suposto da letra a) do apartado anterior.

3.- O que se atope en excedencia por coidado de familiares prevista no artigo 176 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, neste suposto o recoñecemento do grao I do complemento de carreira só terá efectos administrativos.





Versión 15.03.2019

4.- Poderá acceder a este réxime extraordinario, o persoal laboral fixo que se atope de permiso por parto; que se atope de permiso por adopción ou acollemento e que se atope de permiso por de outro proxenitor por nacemento, adopción ou acollemento dun fillo, nestes supostos o recoñecemento do grao I do complemento de carreira profesional só terá efectos administrativos.

5.- O persoal laboral fixo que, pola discontinuidade dos seus servizos ou a natureza das súas funcións, non resulte posible a súa funcionarización e cumpra algún dos criterios de avaliación, o complemento de carreira substituirase por un complemento equivalente.

Artigo 7.- Procedemento

a) Solicitudes de recoñecemento do Grao I do complemento de carreira do persoal laboral fixo que cumpre algún dos criterios de avaliación.

Deben diferenciarse dous supostos:

a.1 Persoal con acceso ao Portax.

Se cumpre algún dos criterios de avaliación poderá solicitar o recoñecemento do Grao I, empregando o modelo de solicitude que se habilitará a través do Portax, debendo cubrir todos os datos que aparezan, validalos e confirmalos, dispoñendo dun prazo de **tres (3) meses** a contar dende o día seguinte ao da publicación desta Orde.

As persoas que, cumprindo xa algún dos criterios, desexen completar a información que figura no seu expediente persoal, deberán facelo con posterioridade a este procedemento extraordinario, polos trámites ordinarios da actualización da información do expediente persoal.

Se non cumpre ningún dos criterios de avaliación, a persoa interesada terá a posibilidade de formalizar o impreso de emenda que atopará no Portax e xunto coa solicitude, a persoa interesada deberá achegar a documentación acreditativa dos méritos que pretenda facer valer. A documentación anterior deberá dirixirse á secretaría xeral/secretaría xeral técnica ou órgano equivalente das entidades públicas instrumentais do artigo 45 a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.





Versión 15.03.2019

A dita documentación deberá presentarse nun prazo de tres (3) meses a partir do día seguinte ao da publicación desta Orde, nos rexistros xerais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas súas xefaturas territoriais e oficinas comarcais da Xunta de Galicia, así como nos demais lugares previstos no artigo 16, relativo a rexistros, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou vía telemática a través do portal web corporativo da Xunta de Galicia.

En canto á forma de acreditación dalgún dos criterios de avaliación estarase ao disposto no artigo 4.

Unha vez validado/s o/os mérito/s e incorporados ao correspondente expediente persoal, as unidades administrativas que de seguido se enumeran, remitirán dentro do prazo dos tres meses anteriormente indicado, á Dirección Xeral da Función Pública a solicitude de recoñecemento do grao I e a documentación acreditativa dos méritos alegados.

A validación e incorporación dos méritos alegados para a superación dos criterios de avaliación corresponderá aos seguintes órganos ou unidades en función do destino da persoa funcionaria:

– Servizos centrais: secretario/a xeral técnico/a, subdirector/a xeral ou xefes/as de servizo que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal, dependentes da secretaría xeral técnica da consellería respectiva ou ente público instrumental.

– Servizos periféricos: xefes/as territoriais, funcionarios/as responsables da área de persoal das xefaturas territoriais, delegacións ou ente público instrumental respectivo.

b) Persoal sen acceso ao Portax.

O persoal que non teña acceso ao Portax poderá dirixir a súa solicitude ao director xeral da Función Pública da Consellería de Facenda. O modelo de solicitude estará a disposición de todos/as os/as que desexen acceder ao grao I do complemento de carreira administrativa na páxina web da Xunta de Galicia (<http://funcionpublica.xunta.es>) . Despois de premer a modalidade de solicitude elixida, os/ as aspirantes deberán cubrir todos os datos que aparecen en pantalla e posteriormente validalos e confirmalos.

A dita solicitude deberá presentarse nun prazo de tres (3) meses a partir do día seguinte ao da publicación desta Orde, nos rexistros xerais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas súas xefaturas territoriais e oficinas comarcais da Xunta de Galicia, así como nos demais lugares previstos no artigo 16, relativo a rexistros, da Lei





Versión 15.03.2019

39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou vía telemática a través do portal web corporativo da Xunta de Galicia.

A Dirección Xeral da Función Pública remitiralles aos/as solicitantes unha clave e un enlace a unha determinada páxina web para consultar os datos que figuran no seu expediente no Rexistro Central de Persoal (RCP). Este envío efectuarase ao teléfono móbil ou correo electrónico sinalado polo/a interesado/a na solicitude.

Se transcorrido un (1) mes dende a finalización do prazo de presentación da solicitude algún/algúnha interesado/a non recibiu a clave poderá dirixirse á Dirección Xeral da Función Pública mediante fax, solicitando o seu envío con indicación do número do teléfono móbil ou enderezo de correo electrónico achegando copia da solicitude en que conste a presentación desta en calquera dos lugares consignados anteriormente.

Empregando a clave recibida, a/o solicitante entrará na páxina web indicada e creará a súa contrasinal para poder acceder ao seu expediente persoal. Unha vez que accede ao seu expediente poderá comprobar se reúne ou non algún dos criterios de avaliación.

Neste intre procedimental caben dous supostos:

1.No suposto de cumprir algún dos criterios de avaliación, o/a interesado/a validaraos asinando o impreso de conformidade que encontrará na páxina web sinalada e remitirao á Dirección Xeral da Función Pública.

2. No suposto de non cumprir ningún dos criterios de avaliación, o/a interesado/a deberá formalizar o impreso de emenda que encontrará na páxina web. Este documento deberá ser presentado nas unidades que a seguir se relacionan:

– Servizos centrais: secretario/a xeral técnico/a, subdirector/a xeral ou xefes/as de servizo que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal, dependentes da secretaría xeral técnica da consellería respectiva ou ente público instrumental.

– Servizos periféricos: xefes/as territoriais, funcionarios/as responsables da área de persoal das xefaturas territoriais, delegacións ou ente público instrumental respectivo.

O/a interesado/a xuntará a documentación xustificativa das modificacións que propón para que as unidades sinaladas emitan certificación segundo o modelo que estableza a Dirección Xeral da Función Pública, validando, de estimalo procedente, as correccións realizadas.

Artigo 8. Resolución





Versión 15.03.2019

1.- Persoal que inicialmente cumpre algún dos criterios de avaliación con acceso ao Portax:

Mediante Resolución da Dirección Xeral da Función Pública anunciarase a exposición das resolucións estimatorias de recoñecemento do complemento de carreira administrativa do Grao I.

Dado que nestas resolucións figuran datos de carácter identificativo, de características persoais, económicos ou de saúde protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, cuxa publicación pode lesionar o dereito constitucional á intimidade dos/as solicitantes, cómpre realizar a publicación coas limitacións e reservas establecidas no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para o coñecemento íntegro do acto cada persoa solicitante deberá acceder ao seu expediente a través do Portax.

As resolucións estimatorias de recoñecemento do grao I terán efectos desde o día 1 de xaneiro de 2019.

O recoñecemento do Grao I do complemento da carreira administrativa terá carácter provisional mentres non se convoquen os procesos de funcionarización, tendo a consideración de pagamento a conta. Este complemento perfeccionarase coa superación dese proceso.

A non superación do correspondente proceso de funcionarización determinará a suspensión, de oficio, do pagamento do complemento de carreira recoñecido.

Con carácter mensual a Dirección Xeral da Función Pública poderá ditar resolución para anunciar a exposición das resolucións estimatorias a medida que se vaian presentando.

2.- Persoal que inicialmente non cumpre ningún dos criterios de avaliación con acceso ao Portax:

Recibida a documentación indicada no artigo 4, a Dirección Xeral da Función Pública ditara resolución estimatoria ou desestimatoria do recoñecemento do grao I do complemento da carreira administrativa.

Dado que nestas resolucións figuran datos de carácter identificativo, de características persoais, económicos ou de saúde protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de





Versión 15.03.2019

datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, cuxa publicación pode lesionar o dereito constitucional á intimidade dos/as solicitantes, cómpre realizar a publicación coas limitacións e reservas establecidas no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para o coñecemento íntegro do acto cada persoa solicitante deberá acceder ao seu expediente a través do Portax.

Calquera solicitude de recoñecemento do grao I que sexa desestimada entenderase para todos os efectos como unha solicitude de encadramento no grao inicial do complemento de carreira administrativa, agás no suposto de solicitudes de recoñecemento de persoal non incluído no ámbito de aplicación, que serán desestimatorias.

O recoñecemento do Grao I do complemento da carreira administrativa terá carácter provisional mentres non se convoquen os procesos de funcionarización, tendo a consideración de pagamento a conta. Este complemento perfeccionarase coa superación dese proceso.

A non superación do correspondente proceso de funcionarización determinará a suspensión, de oficio, do pagamento do complemento de carreira recoñecido.

Con carácter mensual a Dirección Xeral da Función Pública poderá ditar resolución para anunciar a exposición das resolucións estimatorias a medida que se vaian presentando.

3. Persoal que inicialmente cumpre algún dos criterios de avaliación sen acceso ao Portax:

Mediante Resolución da Dirección Xeral da Función Pública anunciarase a exposición das resolucións estimatorias de recoñecemento do complemento de carreira administrativa do Grao I.

Dado que nestas resolucións figuran datos de carácter identificativo, de características persoais, económicos ou de saúde protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, cuxa publicación pode lesionar o dereito constitucional á intimidade dos/as solicitantes, cómpre realizar a publicación coas limitacións e reservas establecidas no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para o coñecemento íntegro do acto cada persoa solicitante deberá acceder ao seu expediente a través da clave que recibiu con anterioridade.





Versión 15.03.2019

O recoñecemento do Grao I do complemento da carreira administrativa terá carácter provisional mentres non se convoquen os procesos de funcionarización, tendo a consideración de pagamento a conta. Este complemento perfeccionarase coa superación dese proceso.

A non superación do correspondente proceso de funcionarización determinará a suspensión, de oficio, do pagamento do complemento de carreira recoñecido.

Con carácter mensual a Dirección Xeral da Función Pública poderá ditar resolución para anunciar a exposición das resolucións estimatorias a medida que se vaian presentando.

4. Persoal que inicialmente non cumpre ningún dos criterios de avaliación sen acceso ao Portax:

Recibida a documentación indicada no artigo 4, a Dirección Xeral da Función Pública ditara resolución estimatoria ou desestimatoria do recoñecemento do grao I do complemento da carreira administrativa.

Dado que nestas resolucións figuran datos de carácter identificativo, de características persoais, económicos ou de saúde protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, cuxa publicación pode lesionar o dereito constitucional á intimidade dos/as solicitantes, cómpre realizar a publicación coas limitacións e reservas establecidas no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para o coñecemento íntegro do acto cada persoa solicitante deberá acceder ao seu expediente a través da clave que recibiu con anterioridade.

O recoñecemento do Grao I do complemento da carreira administrativa terá carácter provisional mentres non se convoquen os procesos de funcionarización, tendo a consideración de pagamento a conta. Este complemento perfeccionarase coa superación dese proceso.

A non superación do correspondente proceso de funcionarización determinará a suspensión, de oficio, do pagamento do complemento de carreira recoñecido.

Con carácter mensual a Dirección Xeral da Función Pública poderá ditar resolución para anunciar a exposición das resolucións estimatorias a medida que se vaian presentando.

5.- Contra a resolución estimatoria ou desestimatoria do recoñecemento do grao I da carreira administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro





Versión 15.03.2019

de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da data de publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de acordo co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Disposición adicional única

En relación ao persoal incluído no apartado segundo do artigo terceiro, esta Orde será de aplicación supletoria, se ben as referencias aos distintos órganos da administración da Xunta de Galicia, deberán entenderse referidas ao Servizo Galego de Saúde por corresponder a este organismo o recoñecemento e pagamento do complemento de carreira do dito persoal.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Orde da Consellería de Facenda do 14 de xaneiro de 2019 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2019.

Modifícase o apartado terceiro da instrución segunda, de xeito que queda redactada como segue:

Con efectos económicos do 1 de xaneiro de 2019, os empregados públicos aos que se lle recoñeza a retribución adicional ao complemento de destino previsto no Acordo do Consello da Xunta do 10 de xaneiro de 2019 (acordo de concertación social) percibirán os seguintes importes mensuais:

Grupo/Subgrupo RDL 2015	Importe mensual (€)
A1	68,27
A2	47,78
B	51,25
C1	46,27
C2	39,27
E(Lei 30/1984) e agrupacións profesionais	31,73

Disposición derradeira segunda

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública para ditar cantas disposicións normativas sexan necesarias para o desenvolvemento desta norma.

Disposición derradeira terceira.

Esta Orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2019





Versión 15.03.2019

